



agullas

afra torrado



agullas  
afra torrado



hoxe déi xame caer  
pero déi xame  
onde cai a.

Pabl o Rodrí guez



AGRICULTURA  
BIBLIOTECA  
DIRECCIÓN  
EXTRINSECA

a infancia  
é unha cociña al lea  
cuberta de azulexos brancos  
na que arrecende a castañas

nun inverno de moedas clandestinas




AGOTANDO  
AGOTANDO  
AGOTANDO  
DIXERON  
XELRMI  
ALGUNA

podría un día  
un museo verte

mimosas

imprimir no meu corpo  
a delicadeza das tuas mãos

o medo  
a caer.



TEÑO O  
CORAZÓN  
ABERTO EN  
DOUS ASÍ:  
DISPOSTO  
PARA O  
XERME

poderíamos volver despertar nun xardín  
se eu fose outro corpo.

tería a pel suavísima  
e cereixas nos beizos  
para alimentarte no deserto.

véxote noutros ollos  
poderían ser os mesmos que asasinaron á pomba...  
pero es ti:  
nos seus ollos podo verte

a ameaza de volver ser  
un anaco de carne pendurado a piques de caer  
a penas suxeito por un fío de pel  
finísimo  
ameazado polos leóns.

lembro o que era a túa respiración,  
afundi rme no corpo.

o desafiuzamento da casa,  
deixei o mar.

se fecho os ollos lembro a última aperta  
que foi

un edificio alto...  
no cumio  
-se miro ás estrelas-  
sei todo o que teño que saber.

e volve soar esa canción.



non son quen de describir a dor sen  
que apareza o teu corpo curándome



nunca pensei  
en escribi r  
sobre a túa  
l i n g u a .

agora  
has de ser  
i n m o r t a l .

pl antarei  
unha semente  
na túa boca  
e esta será  
a mi ña

casa





a palabra que berro  
cando quero berrar.

fecho as fiestras  
para que só ti  
saibas - neste momento  
que aprendín a soletrear

con cada movemento da xema dos teus  
dedos

a necesidade  
de nomear.

está a medrar unha mazá dentro de min,  
no costado esquerdo.  
ás veces penso que vai absorver  
todos os meus órganos  
(absorverme)

e que vou ser unha mazá  
brillante  
que non apodrece  
por fóra.



## pato negro morto

o presaxio de afogar  
nun mar inmenso

podería falar do desexo

o mar non é azul

a violenci a  
esténdese ata a outra beira

podería falar da enfermidade


se non me prometeras máis mares.

arri nco

unha a unha  
todas as espi ñas

que se cravaron ao tacto  
coa besta.

sento di ante do espello  
que me viu loitar contra a  
agul la.



estaba tan alto  
que sentín

poder tocar o teu corpo de mármore  
suaví si mo

e non estabas aquí,  
i so quero di cirche,  
que pensaba en ti  
e en desgarrar a carne



